



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 1/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Non asiste

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30/11/2016.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de data 30/11/2016, cuxa minuta foi



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 30 de novembro de 2.016, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta dos escritos presentados con data 23/01/2017, rexistro de entradas nº 320 e nº 321, polos concelleiros Beatríz Martínez Candal e Luís Caamaño Fraga, nos que comunican a efectos do establecido no art. 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), o pase á condición de concelleiros non adscritos.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

PUNTO TERCEIRO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2.016, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO CUARTO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

“Ordes conta cun PAC (Punto de Atención Continuada), que é un referente para toda a comarca.

No goberno da Xunta presidido por Emilio Pérez Touriño o Centro de Saúde de Ordes foi un referente na implantación de programas en Atención Primaria, así como en dotación de nova tecnoloxía e na implantación de persoal específico para determinadas áreas.

Unha das melloras coas que se quería dotar este Centro para cubrir amplamente as necesidades da poboación con dereito á asistencia sanitaria era a implantación da radioloxía dixital.

Dende a Agrupación Socialista de Ordes foron varias as veces que solicitamos a instalación deste servizo no PAC ordense que dende logo tería efectos moi positivos para os veciños e veciñas de Ordes.

Este novo sistema cambiaría totalmente a forma de xestionar, solicitar ou visualizar as imaxes e os informes radiolóxicos que se xerarían neste Centro de Saúde. Este avance axudaría a desconxestionar o Servizo de Urgencias emprazado no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela e a reducir os tempos de espera ós doentes alí remitidos polo Centro de Saúde ordense.

Por outra banda, evitaría o custo, o tempo e a molestia, sobre todo para as persoas máis maiores, que supón desprazarse a Santiago.

A última ocasión na que solicitamos a implementación deste sistema foi en xullo de 2014, a raíz dunha moción socialista que foi aprobada en Pleno. Sen embargo, dende aquela nada mudou.

Polo que, en Condición de Voceira Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo:

- Instar á Consellería de Sanidade a implantación da radioloxía dixital no Centro de Saúde de Ordes.
- Dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade e ós grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sra. Martínez Candal e Sr. Caamaño Fraga), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que vai a falar tamén en nome do Sr. Caamaño Fraga, engade que está totalmente de acordo, van a votar a favor.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Intervén o Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que están totalmente de acordo coa moción presentada pola compañeira do PSOE de dotar con este servizo ao centro de saúde de Ordes. Xa fai tempo o BNG de Ordes demandou este servizo de radioloxía, máis tamén algunhas consultas de especialistas como podía ser xinecoloxía, traumatoloxía, saúde mental. É inconcebible que no ano 2017 non exista este servizo no PAC, servizo que podería evitar os desprazamentos a Compostela, evitar a conxestión de urxencias no hospital Clínico, e tamén as longas esperas no tempo dos pacientes que de aquí se derivan para facer estas probas. O máis importante disto sería a melloría do servizo sanitario do noso concello e tamén da comarca. Dende o BNG apostan polo servizo de radioloxía dixital, que se poida instalar neste PAC. Agarda que hoxe voten a favor desta moción, e voten a favor da mellora dos servizos sanitarios para o concello de Ordes, e non se absteñan como fixeron no 2014 cando o PSOE presentou esta mesma moción.

Intervén o Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que sinala que esta é unha vella demanda do concelleiro Sr. Pedreira Mirás. Os logros a nivel sanitario en Ordes foron moitos, non se conseguiu todo o que se quería, pero conseguiuase dotar de máis medios e máis persoal. Un médico, un fisioterapeuta, dúas enfermeiras máis, unha atención máis personalizada e unha progresiva implantación da telemedicina, que é unha das facetas importantes para non ter que desprazarse ao médico e poder consultarse sen ter que acudir a el excepto que sexa unha cousa máis grave. Quedou pendente do seu programa de aquela época radioloxía. O que nos dixeron nese momento é que era un servizo custoso, Galicia conta con moi poucos radiólogos. Si que temos técnicos que poden valorar a praca e non ter que desprazarse a Santiago, así está colapsado o servizo de urxencias por que non dan abasto para atender a todos. O PAC de Ordes ten corenta mil usuarios, dende unha esquiña a outra hai veciños que teñen que desprazarse sesenta quilómetros. Hoxe por telemedicina un técnico pode valorar xa unha fractura e non ter que desprazarse a Santiago. Esta era unha vella demanda do noso goberno no pacto co PSOE, a seguen mantendo é apoiando.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta é tamén unha vella demanda do programa do PP co se presentou ás eleccións locais no ano 2015. En ningún momento van a plantexarse a abstención, nin o voto en contra. Vai a ser un voto afirmativo e positivo. Comparten moitas das afirmacións que aquí se dixeron. Ao final vai a depender todo dos medios e das posibilidades que teña a Consellería de Sanidade para poder implantalo aquí a curto e medio prazo. Isto xa foi posto no seu momento en coñecemento dos organismos correspondentes. Está á espera dunha solución para a implantación deste servizo de radioloxía dixital aquí en Ordes. Oxalá poida ser unha realidade a curto prazo. Súmanse á demanda do PSOE. Espera que este voto unánime sexa tido en conta polos grupos políticos do Parlamento de Galicia e da Consellería de Sanidade.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Gómez Fuentes, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Instar á Consellería de Sanidade a implantación da radioloxía dixital no Centro de Saúde de Ordes.
- Dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade e ós grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Intervén, o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Os problemas na continuidade do subministro eléctrico que se veñen producindo en Ordes nos últimos tempos son por todos e todas coñecidos. Estamos en disposición de afirmar que o 2016 foi un "annus horribilis" no que se refire o subministro eléctrico, con múltiples apagóns que tiveron unha duración prolongada. Isto levou a que o BNG xa no mes de xuño presentara unha moción na que manifestaba a súa preocupación por esta situación.

O ano 2017, comezou dun xeito parecido: 11, 12, 13 de xaneiro a cidadanía de Ordes volveu a sufrir cortes de luz.

Dende o BNG queremos poñer de manifesto, unha vez máis, a nosa preocupación, e a da sociedade ordense, sobre as consecuencias socioeconómicas que provoca este deficiente subministro eléctrico: perda de competitividade do sector comercial, hostaleiro, industrial e agrogandeiro, debilidade de Ordes para a implantación de novas iniciativas empresariais, inconvenientes na vida diaria dos cidadáns.

A situación de Ordes a respecto do subministro eléctrico é privilexiada, o que deberá ser motivo abondo para garantir un subministro de calidade en todos os seus parámetros.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Solicitar a Gas Natural Fenosa o rexistro de interrupcións que durante o ano 2016 afectaron ó Concello de Ordes: datas e horas de inicio e fin, tipo de interrupcións, causas que provocaron as interrupcións e lugares afectados.
- Solicitar a GNF os índices de calidade da continuidade do subministro eléctrico (TIEPI e NIEPI) relativos ó Concello de Ordes no 2016.
- Solicitar a GNF a descrición das actuacións que teñen previsto acometer dirixidas a solventar os problemas de continuidade do subministro que afectan a Ordes, así como os prazos previstos de execución.
- Envío de comunicación á Consellería de Economía, Emprego e Industria no que se informe dos problemas de subministro eléctrico que ten Ordes na actualidade, e se inste á Consellería a que salvagarde os intereses dos veciños de Ordes”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sra. Martínez Candal e Sr. Caamaño Fraga), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que están totalmente de acordo con esta moción e van a votar a favor.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor, van a votar favorablemente a esta iniciativa presentada polo BNG. É un problema que ven de vello. Recopilando información ten unha nota de prensa na que xa o PSOE de Ordes no ano 2010 esixía que a Xunta mediase para garantir a luz ante os continuos apagóns, falábase dos prexuízos económicos que esta situación supoñía para o comercio, para as empresas, e tamén para os veciños na súa vida diaria. En xaneiro do ano 2014 sendo concelleiro do PSOE o Sr. Pedreira Mirás tamén se presentou unha moción nesta mesma liña, facendo referencia a que había continuos apagóns e era necesario reforzar e mellorar ese servizo en Ordes, sobre todo cando había temporal. Agora o problema é moito máis grave por que xa non fai falta que haxa temporal ou condicións metereolóxicas adversas para que os apagóns sexan continuos. En setembro do ano 2015 trouxeron aquí problemas de corte de subministro en Parada, e no ano 2016 noutros puntos. Como o problema descrito é de moita gravidade ten que ser unha prioridade para todos os concelleiros desta corporación para facer a presión necesaria e por todo o que estea das nosas mans para tratar de dar unha solución o máis axiña posible a todos os veciños.

Intervén o Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que sinala que cando entraron a gobernar no ano 2007 era unha das súas preocupacións, había máis cortes que hoxe, que debería ser imposible que os houbera, máxime cando o prezo da luz esta como esta e se un día deixamos de pagar o recibo pronto nos veñen a cortar a luz. No seu momento chegaron a un acordo para un programa de investimentos de máis de un coma tres millóns de euros na vila, no parque empresarial como nas parroquias. Conseguiuse que entrara en funcionamento a subestación de Oroso para o subministro ao polígono, cinco liñas de media tensión, outras tres liñas de media tensión, tres centros de transformación e redes de baixa tensión en Vilar, Ceidón, Regueira de Beán, Carballo de Pereira, Fraga da Galiña, Darefe, Villasenín, Menlle, Pazo, Carruceiros en Ardemil, Costa, Vixide e Piñeiro en Montaos, Vilariño en Buscás. Fíxose unha labor importante. O goberno o que ten que facer é retomar estes temas, para que se termine cos apagóns, que se invirta en Ordes por que se recauda moito. Somos moitos a pagar e pouca a inversión que se fai pola empresa subministradora no noso concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tamén se van a sumar a esta moción. Recorda que naquel pleno se lle trouxeron os datos. Se quere que se lle fagan chegar os datos de xullo.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que non se aportaron os datos, déronse in voce e estaban incompletos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a solicitude esta feita. Os datos que ten hoxe son para aclarar o que sucedeu os días 11, 12 e 13 de xaneiro. Eses datos van a volver a solicitarse, pero Unión Fenosa se ratifica en que se cumpriron os índices de calidade, que en ningún caso se chegou aos once cortes que estarían permitidos pola lexislación no noso municipio. Foron seis os que se produciron, dous foron alleos. A un madeireiro caelle unha árbore sobre unha liña, e a instalación dun transformador dunha empresa privada que provocou un apagón. Os outros catro si que foron problemas de subministro de diferente índole. O que sucedeu no ano 2017 foi



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

unha avaría na EDAR que provocou os cortes en xaneiro ata que se fixo esa reparación. Dende o día 13 non houbo ningún tipo de interrupción, nin puntual. O que esta a suceder é unha situación anormal, Ordes ten unha situación privilexiada. Hai que seguir insistindo en que esta situación ten que ser solventada de maneira inmediata e contundente. Aí esta esa recollida de sinaturas dos veciños da que se lle dará traslado con este acordo da Corporación. Van a sumarse a esta petición.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Gómez Fuentes, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Solicitar a Gas Natural Fenosa o rexistro de interrupcións que durante o ano 2016 afectaron ó Concello de Ordes: datas e horas de inicio e fin, tipo de interrupcións, causas que provocaron as interrupcións e lugares afectados.
- Solicitar a GNF os índices de calidade da continuidade do subministro eléctrico (TIEPI e NIEPI) relativos ó Concello de Ordes no 2016.
- Solicitar a GNF a descrición das actuacións que teñen previsto acometer dirixidas a solventar os problemas de continuidade do subministro que afectan a Ordes, así como os prazos previstos de execución.
- Envío de comunicación á Consellería de Economía, Emprego e Industria no que se informe dos problemas de subministro eléctrico que ten Ordes na actualidade, e se inste á Consellería a que salvagarde os intereses dos veciños de Ordes.

Intervén, o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O Tribunal Supremo ven de avalar en diversas sentenzas que os concellos graven ás empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.

Fronte á pretensión de anulación de diversas ordenanzas municipais que fixaron unha taxa específica con ese obxecto, emitíronse de momento cinco sentenzas que sentan doutrina dando a razón aos concellos e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, sobre todo eléctricas, que se negaban a pagar estas taxas.

Estes fallos, contrarios a Unión Fenosa, Gas Galicia e Red Eléctrica, e con impacto directo no resto do sector eléctrico e tamén noutros sectores que empregan o dominio público para o transporte de gas ou hidrocarburos, requiren que as ordenanzas fiscais regulen unha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Ademáis, tamén se validan os criterios empregados polos informes técnico-económicos onde se valora o solo ocupado como se esas liñas e canalizacións se tratasen de construcións a efectos de calcular a base impositiva da taxa.

A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu en 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos estean obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico-económico por atravesar o dominio público local, aínda que non os subministren. Malia esa habilitación legal, e unha vez se aprobaron ordenanzas reguladoras para fixar esa obriga de xeito concreto, as empresas non aboaron nunca dita taxa, amosando belixerancia e conflictividade xudicial contra as entidades locais que a impulsaron, negando uns recursos lexítimos ás entidades locais necesarios para poder afortalar os servizos locais.

As propias sentenzas emitidas avalan o cálculo das tarifas da taxa de acordo cun estudo técnico-económico onde se empregan como criterios para obter o seu valor a suma do valor catastral do solo rústico con construcións co valor das instalacións, e a base impositiva é resultado de multiplicar ese valor do inmovible ao coeficiente de relación co mercado e a ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metro lineal. Así, a cota a pagar sitúase entre 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal no caso das instalacións de transporte eléctrico, segundo o tipo de tensión - baixa, media ou alta -, e no que atinxe ás de transporte de gas, oscila entre os 500 euros e os 4.000 euros.

Aclarase expresamente que é legal a pretensión dos concellos de gravar a utilidade que lle reporta ás empresas de enerxía, gas ou hidrocarburos a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte do dominio público, con exclusión doutros usos, para unha actividade netamente industrial consistente en transportar e distribuír enerxía eléctrica (partindo dos casos axuizados nas sentenzas) mais tamén gas ou hidrocarburos (ao estenderse a dito obxecto as ordenanzas validadas xudicialmente).

Unha vez resolta a controversia xudicial a prol dos concellos, compre iniciar os procesos e tramites necesarios para poder facer efectiva a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións do transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos no concello do Ordes.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- Iniciar os estudos e xestións precisas para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan.
- Solicitar aos servizos técnicos municipais a elaboración dunha estimación sobre a recadación agardada por mor da taxa, unha vez redactada a correspondente ordenanza municipal.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

- Estudar posibles baixadas de impostos municipais á veciñanza (IBI, ICIO, ...etc.), aproveitando a recadación obtida pola taxa que se propón na presente moción”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE, Sra. Martínez Candal e Sr. Caamaño Fraga), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que están de acordo coa moción. Hai unha senteza que saíu fai pouco, é unha pena non aproveitar. Van a votar a favor.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor do contido da moción. Queren engadir unha pequena emenda. Na moción fálase dunha sentenza do Tribunal Supremo para cobrar ás empresas pola instalación de transporte de enerxía eléctrica. Hai unha sentenza tamén do Tribunal Supremo de 20 de maio de 2016, 1150/2016, que da a razón ao Concello de Madrid no cobro dunha taxa ás empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil para a colocación das súas infraestruturas de telefonía fixa que usan para dar os seus servizos. O que pasou en Madrid foi que as operadoras recorreron esta taxa e o cobro quedou suspendido. O Tribunal Supremo a través desta sentenza declarou conforme a dereito o artigo quinto desta ordenanza municipal da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, subsolo ou voo. O que propoñen é unha pequena emenda por que esta sentenza do TS abre a porta para que outros concellos poidan empezar a xirar unha taxa que grave a rede fixa que necesitan ter as operadoras para prestar os seus servizos de telefonía móbil. A emenda tería o texto seguinte no primeiro punto: Iniciar os estudos e xestións precisas para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos, así como ás operadoras de telefonía coa súa estrutura de rede fixo nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan. E no terceiro punto: Estudar posibles baixadas de impostos municipais (IBI, ICIO, ..etc.) e melloras dos servizos sociais á veciñanza, aproveitando a recadación obtida pola taxa que se propón na presente moción. Se o BNG acepta estas dúas emendas o seu voto vai a ser favorable por que están totalmente de acordo con esta iniciativa.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que solicita que informe o Sr. Secretaria se na ordenanza fiscal vixente desta taxa xa ven recollido o da telefonía.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que habería que comprobalo na ordenanza fiscal, ver o texto da sentenza para ver se é posible o seu engádego. Aprecia tamén unha pequena contradición na emenda no punto terceiro, unha cousa é reducir impostos, que implicaría baixada de gasto e outra manter a recadación con destino a servizos sociais, habería que optar entre unha cousa e outra.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se non aparece recollido na vixente ordenanza fiscal non habería ningún problema.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que a matización que fan é por que a baixada de impostos que se propón, no ICIO na meirande parte dos casos xa está bonificado. Por iso propoñen estudar posibles baixadas de impostos ou melloras nos servizos sociais. Que se estude unha posibilidade ou outra.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se na ordenanza fiscal nº 9 vixente hoxe en día non se lle está a cobrar polas utilización do dominio público coas redes fixas das empresas de telefonía móbil, non habería ningún inconveniente a que se estude. Xa que se trata de cobrarlle un tributo a esas empresas eléctricas, de hidrocarburos ou gas, propoñen á baixada de impostos á veciñanza, se se poden destinar eses ingresos a un servizo social, se hai unha forma de encaixalo, non vai haber problema. Cando se faga o cálculo do que se poida recadar non van a por problema para que se faga unha baixada de impostos ou que se destinen a servizos sociais.

Intervén o Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que sinala que esta é una vella demanda que se fixo a través da Deputación, fíxose un recurso ante o TS que veu denegado, os técnicos dixeron de desistir, Arteixo decidiu seguir, aquí esta o resultado que nos vai a beneficiar a todos. Este é un gran logro dos concellos. A moción do BNG coas emendas do PSOE sería bo para os veciños se conseguimos unha baixada dos impostos e melloras en servizos sociais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tamén se van a sumar. Os primeiros pasos xa están dados. Xa dende primeiros deste ano se tiña coñecemento pola prensa da posibilidade de gravar con esta taxa a utilización do dominio público local cando non concorre a circunstancia de ser unha empresa subministradora de servizos de interese xeral que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante dos veciños e que xa están gravadas coa taxa do un e medio por cento. Resulta laboriosa o estudo da superficie á que pode afectar dita ordenanza, non se pode facer de un día para outro. Xa se está a traballar cunha consultora de enxeñería para o estudo de campo, como para a aprobación do informe económico-financeiro previo para a aprobación da modificación da ordenanza, así como a redacción do seu texto. Xa se lle indicou á consultoría que os parámetros a seguir fosen similares aos que serviron de base para o Concello del Arteixo e os concello de Villalcampo e Cerradilla. Dada a complexidade do traballo de campo a realizar non se pode realizar unha estimación a priori da recadación. A previsión da intervención é duns cen mil euros. O que sexa benvido será nas arcas municipais. Súmanse a estas peticións. Van a gravar ás empresas por que o permite a lei, pero nada impide que despois esas empresas graven aos veciños, que é a mensaxe que veñen a transmitir as empresas subministradoras. Terán que velar para que esta taxa redunde en beneficio dos veciños e que despois non se grave aos usuarios de forma paralela e sexa unha perda para os beneficios das empresas. O traballo esta comenzado.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sra. Gómez Fuentes, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

- Iniciar os estudos e xestións precisas para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos, así como ás operadoras de telefonía coa súa estrutura de rede fixo nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan.
- Solicitar aos servizos técnicos municipais a elaboración dunha estimación sobre a recadación agardada por mor da taxa, unha vez redactada a correspondente ordenanza municipal.
- Estudar posibles baixadas de impostos municipais (IBI, ICIO, ...etc.) ou melloras dos servizos sociais á veciñanza, aproveitando a recadación obtida pola taxa que se propón na presente moción.

PUNTO QUINTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Chegounos información á Agrupación Socialista de Ordes de que nalgúns pasos a peóns se esvara moito, producíndose xa neles varias caídas, non sendo a primeira vez que se trata este problema en Pleno.

Despois de comprobar dous deles, o de enfronte ó Concello e o do cruce, comprobamos que en verdade cando hai humidade son moi esvaradizos.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda a dar unha solución ó problema descrito.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os da N550 daráselle traslado á Demarcación de Estradas, revisaranse os de competencia propia, revisarnase.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

- Procedeuse nas últimas semanas á substitución de 45 farolas na rúa Alfonso Senra por sistemas LED's.

No Pleno do mes de outubro de 2015, dende a Agrupación Socialista de Ordes solicitamos que se substituiran as lámpadas de vapor de sodio por outras de tecnoloxía LED para poñer en práctica estratexias de iluminación eficiente que permitirían acadar máis iluminación co mínimo consumo enerxético, menor contaminación lumínica e sendo un sistema respectuoso co medio ambiente.

Sabíamos que esta inversión suporía un aforro considerable. Sen embargo, non so se cambiaron as lámpadas senón tamén as farolas. O problema é que estas novas farolas non proporcionan ás beirarrúas unha iluminación suficiente . Este problema faise especialmente grave nos pasos de peóns.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que nos informe qué medidas vai a levar a cabo para aumentar a iluminación nas beirarrúas e mellorar a visibilidade nos pasos de peóns.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non coincide co que se lle traslada no rogo. A iluminación mellorou, así o din os técnicos coa comprobación dos parámetros que fixeron coas obras. As farolas había que substituílas por que estaban en moi mal estado, non había posibilidade de aproveitálas e facerlle unicamente a implantación dunha luminaria no seu punto alto. O aforro total son quince mil euros ano no tramo no que se actuou. Entende que de momento foi unha boa actuación, se despois houberse algún tipo de problema valoraríase unha actuación puntual en cada un deses sitios.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que seguirán enriba deste tema por que nas beirarrúas se nota que hai menos visibilidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai menos contaminación lumínica. Visibilidade pode ver o proxecto e os datos dos técnicos, non os vai a discutir, cumpren os parámetros. A iluminación é distinta.

- Nos derradeiros días estase a levar a cabo a substitución dos semáforos na N550.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda a o máis axiña posible a reinstalación das sinais acústicas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa están funcionando, o problema é que están sen volume. Hoxe púxose a caixa na intersección con rúa Galicia, teñen pouco volume. As de abaixo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

aínda non están operativas. Aínda que se fixo a substitución aínda non está o novo software implantado e a nova caixa. Antes non había sistema acústico para invidentes e agora si o levan.

- No pavillón Campomaior ó poñer o novo linolio quedou con moitos globos, sobre todo pola parte onde están as espaldeiras.

Ó quedar mal pegado e xogar ou pisar encima, os globos ampliáanse co risco de levantamento do mesmo.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda a dar solución o problema descrito.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lle deu traslado á empresa.

- Da concentración parcelaria de Parada II recibimos queixas de numerosos veciños e veciñas pola situación na que se entregan as fincas, cunhas entradas en moi malas condicións, tal e como amosan as fotos, que deteriorarán as pistas producindo co tempo unha carga económica para o Concello.

Por outra banda, os numerosos montantes de terra das fincas, tal e como amosan as fotos que xuntamos, tamén condicionan economicamente ós propietarios desas fincas xa que teñen que proceder ó seu alleamento para poder empregalas.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que desenvolva a través da área de infraestruturas da Consellería de Medio Rural, os trámites que sexan necesarios para corrixir estas deficiencias.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que cando se fixo a toma de posesión non se contaba con partida económica para estender os bancais da apertura das pistas, así se lle fixo saber aos propietarios, si para as entradas. Eran os propios propietarios os que tiñan que poñerse en contacto coa empresa que facía a actuación, Seaga. Destas situacións puntuais, o mellor é que o poida facer calquera cos técnicos da zona. Comprométese a por en coñecemento este rogo e dar traslado do que se di nel.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que habería que dar traslado tamén o que pasa en Mercurín, por que algunhas pistas xa se están empezando a deteriorar, nas que as entradas están en mala situación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se esta a retirar a madeira dunha maneira apresurada. Estamos en inverno, fanse as entradas e accesos por calquera lugar. Despois esas



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

cousas veñen en contra nosa, sucedeu en Beá-Pereira, Ardemil, Leira, Buscás. É moi difícil controlar nos centos de quilómetros da rede viaria destas concentracións parcelarias o que é o momento da toma de posesión. Hai están os avais, sabe que se empregaron ata certo punto. Estas son as circunstancias cada vez que hai unha toma de posesión. Pedir partidas para acondicionamentos é a solución máis práctica que foi o caso máis recente que aconteceu en Beán-Pereira. Trasladará a súa demanda.

- Na rúa Alfonso Senra ó seu paso polo centro do pobo, no tramo entre a Rúa de Mundito e a Rúa Rosalía de Castro, a zona de carga e descarga non ten limitación horaria polo que os establecementos comerciais ahí ubicados estanse a ver prexudicados xa que os seus clientes non teñen posibilidade de aparcar ahí.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que, dentro das posibilidades que permita a lei, proceda a limitar temporalmente esta zona de carga e descarga.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si que ten limitación horaria, a tivo sempre, están alí as sinais, de 9:00 a 14:00 e 16:00 a 19:00, de acordo cos informes da policía local. O pode comprobar.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que pregunta se esa limitación se podería restrinxir un pouco máis.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa é outra cuestión, dixo que non había limitación. Xa viñeron a falar con nos varios comerciantes, llo fixo saber ao oficial da policía local, que estivo observando estes días en que momentos hai máis carga e descarga. En función do seu informe tratarase de reducir o espazo, habilitar unha nova praza de zona azul ou baixar os tramos horarios.

- No pasado mes de xullo dende a Agrupación Socialista de Ordes pedimos que na intersección entre a Rúa Rodríguez de la Fuente e a Rúa do Recreo se instalase unha barandilla igual á solicitada por esta Agrupación e colocada entre a rúa principal Alfonso Senra e a Rúa do Parque, xa que ambas interseccións presentan un desnivel moi pronunciado.

Para as persoas maiores ou con mobilidade reducida, así como para os nenos é difícil moitas veces transitar por este tramo, convertendo este punto en perigoso, producíndose xa alí varias caídas.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que instale a demandada barandilla solicitada no pasado pleno do 26 de xullo de 2016.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Intervén o Sr. Alcalde, que pide desculpas por que pensaba que a solicitude á Deputación estaba tramitada, e non foi así. Esperaba ter hoxe a resposta. Saíu hoxe, tan pronto como teñamos a autorización mirarase como facer a varanda, de forma similar a que se instalou en rúa do parque.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- O graderío superior do auditorio conta con unha varanda metálica, cuxa función deberá ser o de evitar a caída das persoas, máis que non reduce moito o risco de caída, nomeadamente no caso dos cativos e cativas.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se coloque unha barreira de protección axeitada que mellore a seguridade nesa zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta de acordo, farase.

- Unha vez que a Policía Local xa conta con un local digno na antiga casa do concello, da a entender que se solucionaron, cando menos en parte, os problemas que había coa recepción da obra de reforma.

É por iso que entendemos que os plenos deberan de pasar a celebrarse no salón de plenos situado na antiga casa consistorial, e deste xeito liberar o actual local de celebración para empregalo en outros usos.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se informe de cando se comezarán a celebrar de novo os plenos no salón de plenos da antiga casa consistorial.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai data prevista. Agarda que sexa este ano. Gustaríalle a acabar a primeira pranta e trasladar a parte administrativa. Poderíase facer agora xa.

- Os usuarios do local de ensaio situado nos baixos da alameda, non poden empregar o aseo ó atoparse a porta de acceso dende ditos locais pechada.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Se restableza o acceso dos usuarios dos locais municipais de ensaio ó aseo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi polas obras da Cruz Vermella. Descoñecían esta incidencia. Tan pronto teñan acondicionado o resto volverase a por os baños a disposición do local de ensaio.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A finais do ano pasado, unha persoa falecía durante a realización do curso de habilidades sociais, e todo apunta, a falta de confirmación coa autopsia, a causa de un atragantamento.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se informe se o persoal que imparte o curso de habilidades sociais conta con formación en primeiros auxilios, e de non ser así, se estableza de inmediato un plan de formación nesta cuestión para evitar accidentes futuros.

Se existe un protocolo ou procedemento que facilite que os monitores coñezan os problemas de saúde dos alumnos e deste xeito evitar prácticas que poidan ser de risco para os alumnos ou saber actuar no caso de crises (asma, alerxias, ...etc.).

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de servizos sociais, que sinala que si que contan con cursos de primeiros auxilios, unha delas é auxiliar en enfermería. Teñen coñecemento da situación persoal de cada un dos usuarios do curso.

- En Buscás, na zona de As Pombas existen uns contedores xunta a marquesiña na que colle o autobús os nenos e nenas, que quitan visibilidade ó estar xusto no cruce ademáis de ser un perigo ao térense movido da súa ubicación en máis de unha ocasión.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se instale un sistema de fixación dos contedores, de tal xeito que non limiten a visibilidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que coñecían este tema. Tratouse de facer unha base de formigón para anclar e que non afectase á vía pública, pero negouse a propiedade cando se foi a facer a actuación e paralizouse. Os contedores non están nunha situación idónea, buscarán unha solución.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

- Na estrada que vai dende a rotonda da Gorita a Ardemil, o pintado lateral de sinalización da estrada esta totalmente borrado en algúns tramos. Estas liñas laterais cobran gran importancia coma referencia para os condutores cando a visibilidade é reducida por mor de unha iluminación deficiente ou condicións meteorolóxicas adversas (chuvia, bancos de néboa).

Este é o caso do tramo indicado no mapa, unha zona na que os bancos de néboa soen ser bastante intensos.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda ó pintado das liñas laterais na estrada á que pertence o tramo indicado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se valorará esta actuación.

- A obra da Ponte de Pereira mostra signos de unha execución deficiente, en forma de grietas no firme da pista e coa existencia de badéns un tanto esaxerados.

Por todo iso solicitamos ao alcalde:

Se informe das deficiencias detectadas na obra, como se pretenden solucionar, e cales son os prazos de execución estimados.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o comezo da actuación coincidiu coa presentación deste rogo. Había unha previsión inicial de que fose pola empresa que estaba facendo as actuacións dende o igrexario ata a nacional e finalmente fíxose vir á empresa que executou a primeira obra. Fíxose un varrido da superficie con rego de imprimación, regulación con aglomerado en quente e compactado, rego de selado e selado con cemento en polvo. Foi para ver e non lle gusta como quedou. Xa llo fixo saber á Consellería para que llo traslade a Tragsa. O que lle din é que van a facer un seguimento e ver o que acontece. Aquilo vese distinto, parece que esta máis nivelado, moi bonito co cemento espolvoreado, pero non esta da maneira que debería estar unha obra que se acaba de facer nova. A ver o que acontece. O máis axeitado tería sido botar unha capa de aglomerado e un novo fresado.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- O aparcamento de terra do Colexio Campomaioir que queda ao fondo, só conta cun acceso, o que provoca que en horas punta e sobre todo nos días con mal tempo, se forme un embotellamento.

Coa creación dun segundo acceso, dito podería se solucionado.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que manteña unha reunión coa propiedade do terreo para valorar esa posibilidade e solicitarlle autorización.

En caso de frutificar, levar a cabo a construción dun segundo acceso mediante a execución da rampla correspondente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pode remitirse a un rogo que fixo o PP o 30/10/2014 facendo a mesma petición. No seu día díxoselles que era imposible acometer esas obras, e que o lóxico era agardar polo PXOM e a posibilidade de abrir o vial hacia adiante, hacia a rúa que sobre hacia Campomaior que solventaría a problemática. Visto alí pode compartir o que di, pero despois habería un problema de confluencia co que é o parking inferior co parking superior xusto nesa altura do paso de peóns. Cos propietarios pódese falar e ver a posibilidade de facer algo, facer un pequeno desmonte e afirmar se funciona. Preocúpalle que é xusto no paso de peóns onde moitos cruzan dende a saída principal hacia a zona dos aparcadoiros, por velo non hai ningún inconvinte.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que formulan este rogo por que algún coche xa baixa por alí de mala maneira. Desprazando un pouco máis o paso de peóns hacia o fondo.

- Na Fraga da Galiña á altura das vivendas Nº 1, 2 e 3 existe un farol que leva tempo avariado.

Segundo nos transmite a veciñanza da zona, o goberno municipal xa foi notificado de dita avaría en varias ocasións máis nunca se procedeu á súa reparación.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se proceda á reparación de dito punto de luz coa maior brevidade posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é un problema de avaría senón de falta de tendido que existía e que foi retirado con anterioridade ao seu goberno por que voaba sobre fincas particulares e os veciños non o querían sobre elas, obrigando a retiralo. Xa se intentou buscar unha solución a través de fachadas, esta tampouco é viable por que hai diversos conflitos de veciños. Hai outra opción que é ir polo outro lado, pola zona dos institutos hacia alá, colocando postes e que os propietarios das fincas afectadas deixen colocar os postes. Os compañeiros xa o estiveron vendo. A ver si é posible chegar por esa parte. Fronte aos problemas de vecindade teñen as mans atadas para darlle unha solución.

- Dende a aprobación do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal, o pasado 14 de novembro de 2013, estase a producir un incumprimento reiterado do mesmo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Este grupo municipal solicitou en varias ocasións que nos fose remitido o informe sobre o estado do ensino no municipio, tal e como establece o citado regulamento, pero un ano máis nada sabemos do mesmo.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que nos sexa remitido o informe sobre o estado do ensino no concello de Ordes do ano 2016 elaborado polo Consello Escola Municipal.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que se está a elaborar. Cando sexa aprobado polo consello escolar municipal porase á súa disposición.

- No pleno ordinario de novembro presentamos un rogo solicitando o cumprimento do regulamento da organización e funcionamento da emisora municipal de Ordes, convocando ás asociacións ou entidades con dereito a representación para escoller ao seu representante, convocando no mes de xaneiro o Consello da Emisora Municipal e a asistencia ao mesmo do director da emisora.

Ollamos que as asociacións ou entidades con dereito a representación xa escolleron ao seu representante pero aínda non se procedeu á convocatoria do Consello da Emisora Municipal.

Durante o debate do rogo no anterior pleno, deuse conta de que non existe a figura do director da emisora municipal; dado ese baleiro, consideramos preciso que asista ao Consello da Emisora Municipal (con voz pero sen voto) o responsable da emisora municipal, posta que é a figura que mais se asemella á do director.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se proceda á convocatoria do Consello da Emisora Municipal e convidado asistir con voz pero sen voto ao responsable da emisora municipal dada a ausencia da figura do director da emisora.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se procederá á convocatoria pero conforme indica o regulamento. A segunda parte do rogo non a vamos a atender. Terase esa reunión, a partir de aí falarase da presenza do encargado da emisora a través dunha modificación puntual do regulamento. É a indicación que ten por parte dos técnicos. Vai a facerse unicamente a convocatoria.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o regulamento levan xa tempo saltándoo por que non se convoca o Consello. Faga como estime, a presenza do encargado e por contar con alguén que tecnicamente poida orientar algo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Por último, o Sr. Alcalde abre unha quenda de formulación de preguntas polos grupos políticos e concelleiros non adscritos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Durante o Nadal, instalouse unha pista de patinaxe sobre xeo no Campo da Feira.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

¿A canto ascenden os gastos que tivo que asumir o concello de Ordes?.

Ten o concello de Ordes algunha estimación de canto foi o retorno da inversión no comercio local?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o gasto foi de 17.900 euros, máis ive, os gastos do día a día foron mil cincocentos euros, máis trescentos do mantemento do xerador. Non ten unha estimación. Hai que ser prácticos, estamos a falar dunha actividade transversal, promoción económica, conciliación, creación de postos de traballo, nalgún caso veciños de Ordes, actividade deportiva e de educación física que se puido desenvolver ao mesmo tempo durante corenta e un días no centro do Campo da Feira. Actividade para nenos, mozos e adultos. Permitted facer algo distinto no Nadal en Ordes. Fágase unha valoración con respecto ao que foi o Desordes Sonoras que custou once mil euros, un día, cal é o seu retorno. Actividade que cree que ten que seguir existindo. Desordes Creativas que tivo un investimento excepcional con vinte e un mil euros de gasto público. Como aspecto positivo para contrarrestar o que vostedes ven como negativo. No ano 2016 o aforro deste goberno no aluguer da Estación da Pontraga foi de dez mil cincocentos euros, aforro co mantemento unificado dos elevadores dez mil douscentos euros. Canto se financia na escola de música, escolas deportivas, actividades extraescolares. Hai que facer todas e cada unha destas actividades, coa idea que ao final se queda é que practicamente vostedes e o seu círculo foron os que criticaron esta actividade coa cal moitos nenos e clubs, clube Galia, Anpas dos CEIP Campomaior e Castelao, CEIP Mesón do Vento estiveron encantados de ter unha pista de xeo no Campo da Feira. Vista a realidade final, dous mil novecentos oitenta e tres usuarios en corenta e un días. Unha instalación deste tipo nun concello gobernado polo BNG como é Ribadeo cunha poboación de nove mil veciños licitou a súa instalación por importe de vinte e cinco mil euros, máis ive. Insiste que non considera que fose un despilfarro ou capricho. Foi unha demanda que lle fixo moita xente de facer cousas distintas, apostaron no Nadal por ela, conseguíuse traela a un prezo razoable. Segundo as cifras que lles amosou a empresa non deu o beneficio que de inicio se podía estimar ao considerarse que se podía chegar aos catro mil usuarios. Non lle pode falar de taxa de retorno. Fixéronse moitas outras actividades nas que se gastaron cartos e que o BNG non criticou e nas que a día de hoxe tampouco se pode avaliar esa taxa de retorno. Non lle queda máis remedio que defender a instalación desta pista de patinaxe, para o ano que ven valorarase a oportunidade de que poida continuar.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non critican a actividade, critican a xestión. O gasto parécelles excesivo para este tipo de actividade. Que o BNG tamén o faga noutros concellos tampouco para eles é válido. Unha pista de patinaxe non pode custar eses cartos. O Desordes Sonoras e o Desordes Creativas, unha cousa é a cultura. Faloulle dos aforros conseguidos, pero tamén lle baixou o aluguer á Garda Civil en quince mil euros, séguelle a pagar os pinchos na festa da súa patrona, setecentos cincuenta euros. Podemos discutir as cifras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se mantivo o acordo que había coa anterior corporación en relación co aluguer da Garda Civil e por que os técnicos así llo fixeron saber. Era innecesario entrar nunha guerra coa Garda Civil cando xa existía un preacordo para fixar un novo aluguer. Esta no seu dereito de criticar publicamente esta actividade, pero as cifras e a realidade do día a día coida que lles da a razón. Van a defender iniciativas como esta.

- Segundo nos trasladan usuarios/as do pavillón Campomaioir, durante a práctica do deporte prodúcese a aparición de humidades de condensación na pista.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

¿Ten constancia o goberno municipal de dito problema?.

¿A que se debe que este problema existente no pavillón Castelao II se reproduza agora no pavillón Campomaioir?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é algo que se deu puntualmente en condicións moi adversas pola humidade que houbo. Xa se lle comunicou á empresa, tratarase de optar por medidas, algunha xa se fixo, colocar unha zona na que os nenos antes de entrar á instalación poidan colocar as zapatillas e non levar xa os pes húmidos para adentro. Non teñen motivos para asegurar que sexa a mesma problemática no pavillón Castelao II. Nesta pista como é de formigón non hai problemas de humidade. Cando se retirou a vella e se colocou a nova e se lle deu ese tratamento si había unhas determinadas porosidades. Fíxose a obra coincidindo cos paróns dos festivos de decembro, hai unha serie de deficiencias das que son coñecedoras e que teñen que subsanar. Espera que o problema de humidade non vaia a máis e que se poida corrixir, senón haberá que instalar un sistema para forzar a ventilación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que onte se achegaron ata alí aproveitando que había actividades e usuarios na pista. Non detectaron onte que houbera problemas de humidade na pista, si que lles preocupou que a iluminación sexa moi pobre, vese peor que antes con algún foco fundido. Tamén lle trasladaron o problema da auga, que para ducharse so tiñan auga fría.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estiveron hoxe alí os técnicos por que houbo unha avaría non quentador.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que xa o pediron, a zona do graderío é bastante perigosa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está de acordo tamén con esta parte, efectuarase canto antes.



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

FOLLA N° 22

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e seis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO